



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CAMPAMENTO URBANO – VERÁN 2018 CONCELLO DA GUARDA

A Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX, organiza o Campamento Urbano deste verán 2018 co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral a través de actividades educativas e lúdicas coas que dinamizar o tempo libre que representa o verán tras rematar o período lectivo.

DESTINATARIOS/AS

Rapaces e rapazas de entre 4 (nados/as no 2014) e 12 anos, cumpridos no momento da inscrición ao campamento que reúnan as seguintes circunstancias:

- Empadroados/as na Guarda (comprobarase que os menores inscritos/as están empadroados no concello)
- Non empadroados/as na Guarda pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio na Guarda

NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número de prazas ofertadas son 40.

A actividade desenvolverase nas instalacións do antigo Colexio Sinde (*Rúa Puerto Rico – A Guarda*).

DURACIÓN E HORARIO

O campamento desenvolverase durante os meses de xullo, agosto e primeira semana de setembro de 9:00 a 14 :00 horas da mañá, de luns a venres.

PREZOS

Os prezos por praza son de 60 € mes e de 80€ todo o campamento (xullo, agosto e primeira semana de setembro).

SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Para a obtención de praza no campamento valoraranse os seguintes aspectos:

- Pai /nai / titor / titora do/a menor estean traballando.
- Pertencer a unha familia monoparental
- Pertencer a familia numerosa
- Solicitar a totalidade do campamento

No caso de igualdade de condicións entre varias solicitudes terase en conta a orde de inscrición da solicitude.

O Concello da Guarda reservará un número de prazas para colectivos en situación de especial vulnerabilidade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES

A puntuación por cada unha destas circunstancias, debidamente acreditadas, será a seguinte:

- Por traballo de ambos membros da parella ou titores legais: 2 puntos.
- Por traballo dun dos membros ou titores: 1 punto.
- Por pertencer a familia monoparental: 2 puntos.
- Por pertencer a familia numerosa: 2 puntos.
- Por solicitar todo o período de campamento 1 punto.

A máxima puntuación será de 5 puntos.

INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende o 4 de xuño ata as 14 horas do día 21 de xuño.

As solicitudes recolleranse na OMIX do Concello da Guarda ou na web do concello www.aguarda.es e presentaranse no Rexistro municipal xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/titora do/a menor
- Fotocopia do libro de familia
- Copia dos contratos de traballo ou certificado vida laboral ou certificado da empresa. No seu defecto declaración xurada do pai/nai/ titor/titora do/a menor indicando empresa e tempo de duración do traballo
- No caso de familia monoparental, documentación oficial acreditativa da súa situación
- No caso de familia numerosa, título de familia numerosa

OUTRA DOCUMENTACIÓN

Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias,...) que sexa precisa coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS. ASISTENCIA

O Concello elaborará unha listaxe de adxudicatarios/as das prazas así como unha listaxe de reserva. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo orde numérica.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.